

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 9 DE

ABRIL DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día nove de abril de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 2 de abril de 2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, acordan deixar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 2 de abril de 2012 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da sección provincial do Consello de Empadramento da Coruña, Instituto Nacional de Estatística, rexistrado de entrada con data do día 2 de abril de 2012 co número 4.384, no que informa dos acordos adoptados pola sección provincial, na súa sesión de data do día 21 de marzo de 2012, respecto das tres modificacións propostas polo Concello no modelo de certificación padronal.

- Escrito de don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de grupo municipal de EU, rexistrado de entrada con data do día 3 de abril de 2012 co número 4.444, no que comunica que permanecerá ausente do termo municipal dende o vindeiro día 4 ata o día 8, ambos os dous incluídos.

- Escrito de dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira do grupo Unión por Cambre, rexistrado de entrada con data do día 3 de abril de 2012 co número 4.445, no que comunica que permanecerá ausente do termo municipal dende o vindeiro día 27 de abril ao día 2 de maio, ambos os dous incluídos.

- Escrito da dirección xeral de Desenvolvemento Rural, secretaría xeral de Medio Rural e Montes, Consellería do Medio Rural e do Mar, rexistrado de entrada con data do día 3 de abril de 2012 co número 4.454, no que comunica que a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da dirección xeral de Desenvolvemento Rural, ten previsto asumir a execución dentro dos “proxectos estratéxicos de infraestruturas no medio rural (PEIM-rural)” as obras de: camiño no Corgo, camiño en Peirao e camiño en Volteiro, por un importe aproximado de 45.584,52 euros.

- Orde do 26 de marzo de 2012, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 16 de decembro de 2011. (Diario Oficial de Galicia número 66, de data do día 4 de abril de 2012).

- Resolución de 27 de marzo de 2012, da secretaría xeral de Coordinación Autonómica y Local, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, pola que se desenvolve a información a subministrar polas corporacións locais relativa ao esforzo fiscal e a súa comprobación nas delegacións de Economía e Facenda. (Boletín Oficial do Estado número 81, de data do día 4 de abril de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que xa se enviou a relación de contratos correspondente aos anos 2010 e 2011 ao Consello de Contas. Continúa a dicir que se enviará proximamente a relación de contratos do ano 2011 ao Rexistro público de contratos do Estado. Así mesmo, informa que se dará de alta ao señor alcalde, como representante do Concello, na aplicación informática do Rexistro público de contratos do Estado, para os efectos da remisión da información por vía telemática.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se presentou na Consellería de Traballo e Benestar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 29 de febreiro de 2012, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2012, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais. Solicitouse un total de 36 traballadores para distintos departamentos.

A continuación, informa que o día 16 de abril comezan dous novos cursos no Centro de Formación Ocupacional.

Para rematar, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se está a traballar na ordenanza de valos publicitarios.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que aínda que na anterior Xunta de Goberno Local comunicou que cría que non había baixa temeraria no expediente de "Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da Cultura", hoxe se enterou que houbo dúas baixas temerarias. Informarao a arquitecta municipal.

A seguir, informa que están pendentes que por parte do enxeñeiro que fixo o proxecto do Portofaro xustifique que se pode facer o que propuxo o contratista.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres, día 13 de abril, ás 20,30 horas no museo se inaugura a exposición de don Javier Mato, sobre Van Gogh.

A continuación, tamén informa que o sábado día 14 de abril, ás 20,30 horas actúa a tuna de veteranos da Coruña, no local socio-cultural do Graxal, na parroquia do Temple.

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o luns, o martes e o mércores, tiveron lugar as proxeccións de películas de cine infantil, con grande afluencia de público.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que esta semana rematará a obra na rúa Pígara, no Temple.

Respecto do colexio de Brexo-Lema, informa que se fixo a canalización ao redor do colexio.

A seguir, tamén informa que na vindeira semana no polideportivo municipal de Santa Maria de Vigo terá lugar a festa da xuventude. Engade que están a cambiar os puntos de luz, dado que a comisión lle solicitou que se baixen as luminarias. Cre que non é normal que se estean baixando todos os anos e, xa que logo, as vai a colocar para atrás e que a luminaria quede xusto encima da rede; as outras, se retranquean cara á muralla que dá á estrada.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que hoxe, ás doce da mañá, terá unha reunión en Culleredo, polo tema dos caudalímetros de fecais na parroquia de Sigrás. Acompañarao o enxeñeiro de obras e servizos e o encargado do servizo de agua.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Maria Luisa de la Red Ampudia